

## SEGURIDADE SOCIAL

NORA M<sup>a</sup> MARTÍNEZ YÁÑEZ

Profesora Contratada Dra. de Dereito do Traballo e da Seguridade Social  
Universidade de Vigo  
[nora@uvigo.es](mailto:nora@uvigo.es)

**Palabras chave:** pensión de viuvez, accidente de traballo, prestación por desemprego, incapacidade permanente, pensión de xubilación.

**Palabras clave:** pensión de viudedad, accidente de trabajo, prestación por desempleo, incapacidad permanente, pensión de jubilación.

**Keywords:** widow's pension, occupational accident, unemployment benefit, permanent disability, retirement pension.

### **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, (Sala do social, Sección 1ª) Sentenza de 28 maio 2018, Recurso de Suplicación 520/2018 – DEREITO A PERCIBIR A PENSIÓN DE VIUVEZ EN CASO DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO**

O presente litixio ten a súa orixe na resolución negativa do INSS respecto do recoñecemento do dereito da demandante para acceder a unha pensión de viuvez, baixo o argumento de que no momento do falecemento do ex-cónxuxe, aquela non percibía a pensión compensatoria do artigo 97 CC, requisito esixido polo artigo 220.1 LXSS para acceder ás prestacións de viuvez en caso de separación ou divorcio previos ao falecemento.

A afectada interpuxo demanda ante o Xulgado do Social de Pontevedra e este estima a demanda e condena ao INSS ao pago da pensión de viuvez na contía e forma

reglamentarias. Contra esta resolución recorre a Letrada da Administración da Seguridade Social, en nome e representación do INSS, co fin de obter a súa revogación, cun só motivo de suplicación, que é a infracción en concepto de aplicación indebida do artigo 220.1 LXSS, mantendo o argumento de que a demandante non pode acceder á pensión de viuvez por non ser perceptora de pensión compensatoria.

Así pois, o litixio versa sobre a consideración que deban ter certas cantidades económicas aboadas polo causante, sendo dúas as opcións posibles: ou ben se trata de prestacións por alimentos en favor dos fillos, como sostén o INSS; ou ben se trata dunha pensión compensatoria, como sostén a demandante. No caso de que se chegase a esta última conclusión, cumpriríanse os requisitos de acceso á pensión de viuvez.

Hai que ter en conta a este respecto que en casos de separación ou divorcio, e sempre que non se contraese novo matrimonio, a pensión de viuvez ten por finalidade atender ao prexuízo económico que causa ao cónxuxe supérstite o falecemento do causante cando viñese percibindo unha pensión compensatoria. Por iso, resulta moi relevante distinguir as cantidades entregadas por alimentos a favor de fillos daquelas que poidan constituír unha pensión compensatoria. A función que cumpre esta última é cancelar o desequilibrio económico que carrega a ruptura da convivencia matrimonial a unha das partes. E para calibrar ese desequilibrio hai que ter en conta cal foi a dedicación á familia de ambos os cónxuxes, a perda de oportunidades profesionais que esta implicou, ou o réxime de bens ao que estiveron suxeitos os cónxuxes.

No caso examinado na sentenza que é obxecto deste comentario, o convenio regulador recoñeceu expresamente que a separación causaba un desequilibrio económico prexudicial para a esposa, aínda que renunciou a fixar unha pensión compensatoria para atender a tal desequilibrio, polo menos mentres un dos fillos non concluíse os seus estudos universitarios e/ou tivesen medios de vida propios. Con

todo, resultou probado que, ademais das cantidades fixadas por alimentos de fillos, o causante veu aboando os gastos da vivenda ocupada pola demandante e os seus fillos –luz, auga, teléfono, comunidade, seguro...-, así como unha cantidade mensual de 600 euros unha vez que un dos fillos concluíu a súa carreira universitaria.

Á vista destes feitos, o TSX de Galicia, seguindo a xurisprudencia sentada polo Tribunal Supremo, en particular na súa sentenza do 12 de febreiro de 2016, rcud. 2397/2014, trata de determinar se as anteriores cantidades implican *de facto* unha pensión compensatoria a favor da demandante. E é que, como indicou xa en diversas ocasións ese Tribunal, non cabe unha interpretación literal que esixa que a pensión compensatoria fose fixada con esa denominación no convenio regulador, excluindo automaticamente o acceso á pensión de viuvez se non fose así. Pola contra, é preciso dilucidar a verdadeira natureza das cantidades entregadas, así como á finalidade perseguida por estas, con independencia da denominación que lle atribuíran as partes.

O TSX de Galicia xa aplicou este razoamento noutras ocasións, chegando a equiparar a unha pensión compensatoria o pago a cargo do causante da totalidade das cotas pendentes de pago do préstamo hipotecario que grava a vivenda familiar (STSX Galicia 23-10-2017, rec. 2018/2017), aínda que non sempre se alcanza esta conclusión, senón que depende das circunstancias do caso concreto. Así, en sentido contrario, véxase a STSX de Galicia de 27-02-2017, rec. 3508/2016.

Na sentenza que agora se analiza o TSX coincide co criterio do maxistrado de instancia, ao apreciar que as cantidades percibidas tiñan sen dúbida por obxecto compensar as dificultades económicas que a separación producira á esposa separada. A proba desta circunstancia facilítase ao recoñecerse expresamente no convenio regulador a existencia dun desequilibrio económico, a pesar da renuncia de fixar unha pensión compensatoria naquel momento.

Como consecuencia de todo iso, o TSX de Galicia desestima o recurso de suplicación interposto polo INSS e confirma integramente a resolución recorrida.

**Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, (Sala do social, Sección 1ª) Sentenza de 29 xuño 2018, Recurso de Suplicación 971/2018 – COMPATIBILIDADE DO INCREMENTO DO 20% DA PENSIÓN DE INCAPACIDADE PERMANENTE COA PENSIÓN DE XUBILACIÓN ALEMÁ**

A sentenza que se comenta a continuación mostra como a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e a súa interpretación do Dereito da Unión obriga ao xuíz interno a modificar o seu criterio, optando por unha interpretación conforme ao dereito da Unión Europea.

Os feitos que deron lugar ao litixio son os seguintes. O demandante gozaba en España dunha pensión de incapacidade permanente total, percibindo unha prestación do 75% da base reguladora recoñecida. Alcanzábbase tal porcentaxe en aplicación do artigo 196.2 LXSS, que prevé que “os declarados afectos de incapacidade permanente total percibirán a pensión prevista no parágrafo anterior incrementada na porcentaxe que regulamentariamente se determine, cando pola súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais e laborais do lugar de residencia, se presuma a dificultade de obter emprego en actividade distinta da habitual anterior”. A porcentaxe determinada regulamentariamente é dun 20%, e coa suma deste, a pensión do demandante alcanzaba o 75% da base reguladora recoñecida.

Para obter ese incremento na porcentaxe da pensión requírese ser maior de 55 anos, calquera que fose a idade no momento do feito causante, así como non exercer actividade por conta propia ou allea –art. 198.1 LXSS- nin cobrar prestacións por desemprego.

Con efectos do 1 de novembro de 2015 o demandante obtén do sistema de Seguridade Social alemá o recoñecemento dunha pensión de xubilación –“pensión de

vellez para persoas que cubriron un período de seguro longo”. Cinco meses despois, o INSS dicta resolución modificando o importe da pensión de incapacidade do demandante, ao suprimir o incremento do 20% da base reguladora da súa pensión de incapacidade permanente total, alegando que é incompatible coa pensión de vellez alemá, por entender que esta última pensión participa da natureza de rendas substitutivas do traballo.

A resolución do INSS é impugnada ante o xulgado do social de Pontevedra, que estima a demanda e declara o dereito do demandante ao cobro do complemento do 20%. Fronte a esta sentenza, o INSS interpón recurso de suplicación alegando a infracción en concepto de aplicación indebida do artigo 196.2 LXSS, pois ao seu xuízo, o incremento do 20% da pensión que lle foi recoñecido ao demandante ao cumprir 55 anos de idade é incompatible coa pensión de xubilación alemá, dado que dita prestación ha de considerarse equivalente á que puidese percibir en aplicación das normas de Seguridade Social, en virtude do disposto polo artigo 5 do Regulamento 883/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, sobre a coordinación dos sistemas de Seguridade Social.

Por conseguinte, a cuestión litixiosa do recurso cingúese a determinar se o complemento do 20% da pensión de incapacidade permanente total é compatible coa pensión de xubilación alemá.

Dada a alta incidencia da emigración en Galicia con destino a Estados membros da Unión Europea durante o século XX, non é esta a primeira vez que o TSX de Galicia debe pronunciarse sobre a cuestión exposta. Así, como precedentes deste pronunciamento poden citarse as sentenzas desta mesma Sala do 18 de outubro de 2016, rec. 1490/2016, do 11 de setembro de 2017, rec. 1912/2017, ou do 6 de outubro de 2017, rec. 1758/2017, entre outras. Con todo, unha análise destas mostra pronunciamentos discrepantes, pois mentres as dúas primeiras se manifestaban a favor da compatibilidade do

incremento do 20% coa pensión estranxeira, a última declaraba a súa incompatibilidade.

En todo caso, a cuestión quedou resolta á luz da STXUE do 15 de marzo de 2018, asunto C-431/16, Blanco Marqués, cuxa doutrina procede a aplicar o TSX de Galicia na sentenza que é obxecto deste comentario.

As circunstancias do litixio que dá lugar á cuestión prexudicial do que se deriva a sentenza europea son coincidentes nos aspectos fundamentais co suposto que se recorre en suplicación ante o TSX de Galicia. En ambos os casos o INSS negaba a compatibilidade do complemento do 20% da incapacidade permanente total cunha pensión de xubilación, que no asunto Blanco Marqués era unha pensión de xubilación da Seguridade Social suíza. Tras unha sentenza desfavorable na instancia, expónse recurso de suplicación ante o TSX de Castela e León, que eleva cuestión prexudicial ante o TXUE, preguntando, entre outras cousas, se o complemento do 20% concedido ao traballador que percibe unha pensión de incapacidade permanente total en virtude da normativa española e a pensión de xubilación adquirida polo mesmo traballador en Suíza son da mesma natureza para os efectos do Regulamento nº 1408/71 -que era o que por razóns temporais resultaba aplicable nese caso- e, de ser a resposta afirmativa, que disposicións concretas do Regulamento en materia de acumulación de prestacións da mesma natureza deben aplicarse.

Pois ben, a sentenza do Tribunal de Xustiza, que tamén é válida para interpretar o Regulamento 883/2004, aclara que o incremento do 20% sobre a pensión de incapacidade permanente total e a pensión de xubilación teñen a mesma natureza, o que, en principio, podería conducir á súa incompatibilidade. Con todo, tal incompatibilidade non resulta automática, senón que é preciso que a norma nacional que prohiba dita acumulación de prestacións cumpra dous requisitos, a saber: que se trate dunha prestación cuxo importe sexa independente dos períodos de seguro ou de residencia cumpridos, e que a prestación se mencione na parte D do Anexo IV do Regulamento europeo.

No asunto Blanco Marqués –así como no exposto con posterioridade ante o TSX de Galicia- non se cumpre o segundo requisito, xa que a disposición española que prevé a suspensión do complemento non se atopa contida no devandito anexo. En consecuencia, non é posible prohibir a acumulación das prestacións.

Esta conclusión é recollida polo TSX de Castela e León. Igualmente, o TSX de Galicia, á vista do pronunciamento do TXUE, desestima o recurso de suplicación e confirma a sentenza de instancia.

Só resta engadir que o mesmo día que o TSX de Galicia ditou a sentenza que se comentou, o Tribunal Supremo cambiou igualmente o seu criterio acerca desta cuestión, recollendo a doutrina manifestada polo TXUE na sentenza Blanco Marqués. E precisamente fíxoo ao resolver un recurso de casación para a unificación da doutrina -rcud. núm. 4102/2016- exposto en relación cunha das sentenzas nas que o TSX de Galicia recoñecera a compatibilidade do complemento do 20% cunha pensión de vellez, naquel caso da Seguridade Social francesa. Como non podía ser doutra maneira, o Tribunal Supremo confirma a sentenza impugnada e declara a compatibilidade.

**Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, (Sala do social, Sección 1ª) Sentenza de 6 febreiro 2018, Recurso de Suplicación 4347/2017 – ACCESO Á PRESTACIÓN POR DESEMPREGO EN CASO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA EMPRESA FAMILIAR**

A sentenza que agora se comenta pon de relevo algunhas circunstancias que poden afectar as persoas que desenvolven a súa actividade profesional no sector da pesca, e concretamente no marisqueo. Por regra xeral, a actividade neste ámbito realízase a través de pequenas explotacións familiares, o que pode comportar dúbidas acerca do encadramento dos familiares máis directos do empresario. Pero a sentenza comentada tamén apunta aos problemas de acceso dos traballadores autónomos do mar ás prestacións por cesamento de actividade, situación que

non se dá respecto dos traballadores que prestan servizos como asalariados neste sector. De aí o interese que poida xurdir na práctica por revestir a prestación de servizos das notas que caracterizan o traballo asalariado.

Concretamente, o suposto de feito que dá orixe a esta sentenza trae a súa causa na resolución negativa do ISM respecto da solicitude presentada polo demandante para acceder á prestación contributiva por desemprego. A razón alegada por tal organismo para denegar o acceso á prestación estribaba na relación de parentesco entre o traballador e a empregadora, que era a súa nai. Por esa causa causa, o ISM consideraba que o traballador non reunía os requisitos de alleidade propios do traballo asalariado, debendo darse de alta como traballador por conta propia.

Interposta demanda contra esa resolución administrativa, o xulgado do Social de Santiago de Compostela dita sentenza estimando integramente a demanda e, en consecuencia, revoga a resolución do ISM e declara o dereito do demandante para percibir a prestación solicitada. Fronte a ese pronunciamento álzase o ISM, que formula recurso de suplicación sen discutir os feitos declarados probados, alegando a infracción por inaplicación do artigo 205.1 e 2 LXSS e do artigo 2.b) do Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, así como o artigo 6.4 CC.

O recurso baséase no Informe da ITSS de xaneiro de 2014 - ditado con posterioridade á resolución administrativa impugnada- que se achega como medio de proba ás actuacións. O informe fai referencia a sancións impostas con anterioridade ao demandante e ao seu irmán, por cometer fraude de lei para obter prestacións de Seguridade Social, así como á compravenda posterior das súas embarcacións a familiares, sen que existise variación da actividade profesional levada a cabo polo demandante tras a venda. A xuízo do ISM os feitos recollidos na acta da Inspección permiten presumir que a venda realizada polo demandante da embarcación da súa propiedade á súa nai ten por



obxecto poñelo en situación de poder percibir as prestacións por desemprego ás que non tería dereito doutra forma.

Para resolver o recurso de suplicación o TSX de Galicia comeza repasando a lexislación aplicable, así como a xurisprudencia do Tribunal Supremo en relación co acceso ás prestacións por desemprego das persoas contratadas polos seus parentes. Así, tanto o artigo 7.2 LXSS como o 1.3.e) ET establecen unha presunción *iuris tantum* de non laboralidade da prestación de servizos do cónxuxe e parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade do empresario ao seu favor, cando estean ao seu cargo e convivan con el. A presunción, por tanto, non se desencadea se non concorre algún dos tres requisitos indicados –parentesco, unidade económica ou convivencia-. Ademais, a fraude non se presume, senón que ha de probala quen a alega. Para iso é preciso ou ben probar o propio ánimo fraudulento, ou ben probar unha serie de feitos dos que derive o ánimo fraudulento de forma directa e precisa, conforme ás regras da lóxica do criterio humano.

Así, da aplicación das regras anteriores ao caso que se está considerando resulta o seguinte. A presunción de non laboralidade dos servizos prestados polo traballador para a súa nai non se desencadea porque quedou probado que non conviven no mesmo domicilio –de feito, nin sequera residen no mesmo municipio- e que o demandante non está economicamente a cargo da súa nai. Así pois, a relación de parentesco non se presenta como causa suficiente para desterrar o carácter laboral dos servizos prestados, así como o acceso á prestación por desemprego.

En canto á conduta fraudulenta que o ISM atribúe ao demandante, o elemento clave para a súa valoración é o medio de proba achegado, que é unha acta da ITSS. A este respecto, o TSX de Galicia lembra que, conforme a unha asentada xurisprudencia do Tribunal Supremo, aínda que a lei dota ás actas da ITSS de presunción de certeza, esta non abarca todo o seu contido, senón que se circunscribe aos feitos que son directamente constatados polo inspector ou aos que son inmediatamente deducibles daqueles,

quedando excluídas as valoracións, conclusións ou presuncións alcanzadas polo inspector.

Ademais, tamén indica o TSX que a valoración das probas presentadas e a fixación dos feitos probados corresponde ao xuíz de instancia, en virtude do disposto no artigo 97 LRXS, e que o recurso de suplicación non constitúe unha segunda instancia, de modo que a valoración dos feitos realizada polo xulgador de instancia debe manterse tamén neste trámite, salvo que resulte contraria ao criterio humano ou se desvirtúen os feitos que serven de soporte á esa convicción. Pero este non é o caso da sentenza que agora se analiza. A Sala mostra a súa conformidade coa conclusión alcanzada pola xulgadora da instancia, que non aprecia fraude de lei. E iso porque, á parte da acta da ITSS na que basea o seu recurso o ISM, existe outra acta ditada un ano antes na que a Inspección non apreciou incorrección no encadramento no REM como traballador asalariado ao servizo da súa nai, de modo que non se levantou acta de infracción. Sendo así, e non variando as condicións nas que o traballador prestaba os seus servizos, o TSX conclúe que non existe proba da fraude alegada polo ISM, polo que desestima o recurso interposto e confirma integramente o pronunciamiento de instancia.

**Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, (Sala do social, Sección 1ª) Sentenza de 5 marzo 2018, Recurso de Suplicación 4725/2017 – ACCIDENTE DE TRABALLO *IN ITINERE*. DELIMITACIÓN CANDO O ACCIDENTE SUCEDE NA PARTE EXTERNA DA VIVENDA UNIFAMILIAR**

O concepto de accidente de traballo *in itinere* é obxecto dunha renovación constante por parte da doutrina xudicial e da xurisprudencia. Baste mencionar a este respecto a STSX de Cataluña, de 12 xuño 2014, rec. 618/2014, que considera accidente *in itinere* o sufrido polo traballador que acode ao seu centro de traballo en patinete, acreditando así a idoneidade dun medio de transporte cada vez máis

habitual nas cidades, ou ben a STS do 26 de decembro de 2013, rec. 2315/2012, que atribúe a cualificación de accidente *in itinere* ao sufrido polo traballador que o domingo pola tarde se traslada dende a localidade na que ten o seu domicilio familiar á localidade na que reside por razóns laborais, a fin de incorporarse ao traballo á mañá seguinte, ampliando así os parámetros xeográfico e temporal nos que se sitúa esta modalidade específica de accidente de traballo. Obviamente, non todas as decisións xudiciais de interese ditadas nos últimos anos tenden a ampliar o concepto de accidente *in itinere*. En moitos supostos a análise xudicial das circunstancias particulares que presenta cada caso serve para definir con maior claridade os límites que circunscriben esta categoría xurídica. Un bo exemplo diso témolo na sentenza do TSX de Galicia que se pasa a comentar a continuación.

A sentenza parte dos seguintes feitos probados: a traballadora, de profesión auxiliar de axuda a domicilio, reside nunha vivenda unifamiliar rodeada dunha leira da súa propiedade. O 5 de febreiro de 2015, cando se dispoñía a acudir ao seu traballo, sufriu unha caída nas escaleiras exteriores da súa vivenda, dentro da súa leira, e sen saír á vía pública. Como consecuencia diso, inicia un proceso de IT que o INSS declara derivado de accidente de traballo. Non conforme con esta declaración, a Mutua Universal Mugenat impugna a resolución administrativa do INSS ante o Xulgado do Social da Coruña, por entender que se trata dun accidente común e non profesional. O Xulgado estima a demanda, declarando que o proceso de IT deriva de accidente non laboral, ao resaltar o feito de que a traballadora se achaba dentro da súa leira privada, sen iniciar aínda o traxecto cara ao seu traballo, polo que non resulta de aplicación a categoría xurídica de accidente *in itinere*. O SERGAS e a traballadora demandada recorren en suplicación esta decisión xudicial. Ningún dos recorrentes cuestiona os feitos probados. O SERGAS alega infracción por aplicación-interpretación indebida do artigo 115.1 e 115.2.a) LXSS, e, pola súa banda, a representación letrada

da traballadora denuncia infracción por non aplicación do artigo 115.2.b), e) e f) LXSS, do artigo 6 LXSS en relación co artigo 115.1 do mesmo texto legal, así como infracción de xurisprudencia con cita de diversas sentenzas do Tribunal Supremo e do TSX de Galicia.

O obxecto do recurso consiste, por tanto, en dilucidar se o accidente descrito nos feitos probados na sentenza de instancia reúne os requisitos do accidente *in itinere*, obtendo así a consideración de continxencia profesional, ou pola contra, carece deses elementos configuradores e ha de cualificarse como accidente común.

Para resolver esta cuestión, o TSX de Galicia repasa a xurisprudencia do Tribunal Supremo que enumera como condicións necesarias do accidente *in itinere* a concorrencia dun elemento teleolóxico, un topográfico, un temporal, e por último un modal ou mecánico. Ao contrastar a presenza destes elementos no caso de autos o Tribunal aprecia a concorrencia do elemento teleolóxico, pois a intención da traballadora é desprazarse para acudir ao traballo; igualmente, concorre o elemento cronolóxico, pois cabe apreciar unha proximidade temporal entre o accidente e o horario de entrada no traballo; por último, o elemento modal ou mecánico non ten relevancia neste suposto, xa que no momento do accidente a traballadora non fai uso de ningún medio de transporte en particular.

O conflito céntrase no elemento topográfico, a teor do cal o accidente *in itinere* ha de sobrevir no traxecto de ida e/ou volta entre o domicilio e o traballo, esixíndose que xa comezase a execución do traxecto, sen que poidan incluírse nel os antecedentes ou actos preparatorios. O aspecto clave, por tanto, reside en considerar a partir de que momento se inicia o traxecto cara ao traballo. A xuízo do TSX de Galicia, o elemento teleolóxico non concorre no caso analizado, pois a traballadora sofre o contratempo nas escaleiras exteriores do seu domicilio e, por tanto, sen saír aínda do mesmo ou acceder á vía pública. A xuízo da Sala, "é preciso que o traballador abandonase o seu domicilio e as zonas privativas da súa residencia e iniciase o traxecto cara

ao lugar de traballo, traxecto que non se inicia ata que o traballador abandona o lugar do seu domicilio, propio e exclusivo". A consideración do accidente sufrido pola traballadora recorrente como continxencia profesional supoñería unha ampliación excesiva do concepto de accidente *in itinere*, que non ha de comprender os contratemplos que o traballador sufra dentro da súa vivenda ou dentro do recinto da súa propiedade.

O TSX trae a colación outras sentenzas que examinaron casos similares, como a STS do 26 de febreiro de 2008, rcud. 1328/2007 na que o Tribunal Supremo cualifica como accidente de traballo o que sofre un traballador nas escaleiras do inmovible no que se sitúa a súa vivenda en réxime de propiedade horizontal xunto con outras. Con todo, a xuízo do TSX de Galicia hai unha diferenza substancial entre estes dous supostos, e é que, mentres no caso da sentenza recorrida en suplicación, a traballadora non saíu aínda da zona privativa que conforma o seu domicilio, no resolto polo Tribunal Supremo, o traballador sofre o contratiempo fóra do seu domicilio, nunha zona que non é privativa nin exclusiva, á que teñen acceso os veciños do inmovible, así como terceiras persoas que accedan a el. Esta circunstancia permite apreciar neste caso, a diferenza do que sucede na sentenza recorrida, que o traballador xa iniciou o traxecto cara ao seu traballo.

O TSX tampouco considera semellante ao caso analizado en suplicación aqueloutro que deu lugar á sentenza do TS do 14 de febreiro de 2011, invocada no recurso de suplicación. E é que, aínda que no citado suposto, cualificado como accidente *in itinere*, o traballador aínda non abandonara a leira da súa propiedade, o certo é que xa conducía da man a motocicleta que habitualmente usaba no seu desprazamento ao traballo, dispoñéndose a incorporarse á vía pública.

En consecuencia, por todas as razóns apuntadas, o TSX desestima os recursos de suplicación interpostos pola representación letrada do SERGAS e da traballadora

accidentada contra a sentenza de instancia que cualificaba como accidente non laboral a continxencia acaecida.